

CRISTÓBAL MEDEIROS, NOVO SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA

O novo secretario xeral marcou como retos para Galicia, para o seu futuro, entre outros, máis diálogo social, apostar por unha industria estratéxica, aproveitar o potencial enerxético, máis e mellor emprego e reverter a tendencia demográfica



Redacción.- Os delegados e delegadas do 14º Congreso de UGT-Galicia, que se celebrou o mércores e xoves en Santiago, veñen de elixir á nova Comisión Executiva de UGT-Galicia, encabezada polo secretario xeral, Cristóbal Medeiros. Unha Executiva integrada por 7 membros:

Secretaría Xeral: Cristóbal Medeiros Fernández.

Vicesecretaría Xeral de Dereitos Sociais: Ana María Pereiro Mourelo.

Secretaría de Organización: Aser Sanz Fernández.

Secretaría de Administración: Rafael Vázquez García.

Secretaría de Igualdade: Trinidad Campos Rodríguez.

Secretaría de Política Institucional: José Carlos Rodríguez Del Río.

Secretaría de Saúde Laboral: Isabel González Jardón.

Unha vez proclamados os resultados da elección da nova Comisión Executiva de UGT-Galicia, que desenvolverá a xestión do Sindicato de cara aos vindeiros anos, tivo lugar no Hotel Puerta del Camino, en Santiago, o acto de clausura do 14º Congreso de UGT-Galicia.

Neste acto interviñeron o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé; o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González; o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez; e o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros.

Na súa intervención, Pepe Álvarez agradeceu o traballo desenvolvido por José Antonio Gómez, o que fora secretario xeral de UGT-Galicia nestes últimos 20 anos, e saudou a elección de Cristóbal Medeiros neste 14º Congreso. Precisamente, á nova Dirección do Sindicato en Galicia pediulle que se poña a traballar dende xa pola mellora das condicións de vida das persoas traballadoras por-

que esa é a razón de ser do Sindicato.

Neste senso, fixo fincapé en que UGT traballa a diario nesta liña, na consecución dunha sociedade máis xusta, dun mercado laboral que garanta postos de traballo dignos para todos e todas as traballadoras, polo que manifestou que non entende a actitude doutros sindicatos que non achegan nada e sempre están na filosofía do “non polo non”. Abri-ron un debate estéril sobre a reforma laboral e, despois dos seus froitos, aínda non lle pediron desculpas á clase traballadora deste país. Tamén votaron en contra da redución da xornada laboral no seno do CES argumentando que desexan as 32 horas, e UGT tamén, indicou, non obstante, as 37,5 son o primeiro chanzo para chegar ás 32 e trátase de facer achegas, de ir construíndo, non de manter unha actitude máis ben pouco construtiva e que pouco aporta ao conxunto dos traballadores e traballadoras.

De cara aos anos que se aveciñan, pediu unha UGT forte que mire cara fóra, que mellore a súa representatividade e, co traballo e

compromiso de todos e todas, conseguírase.

Fronte aos desatinos e xeitos de actuar de líderes como Trump, pediu máis e máis Europa.

Saudou medidas como a subida do SMI e pediulle á patronal que mude de estratexia e que se sente a negociar, no eido da negociación colectiva, subidas salariais porque UGT non vai cesar na súa liña de actuación neste senso, o que non se consiga vía negociación colectiva, vaise conseguir vía subida do SMI. Ao respecto, o que si rexeitou é a proposta de tributación que se pretende que acompañe a esta medida vía IRPF. Este debería cotizar cando chegue a supoñer o 60% do salario medio pero non antes porque os tramos do IRPF por abaixo son tremendamente inxustos.

En canto á redución da xomada laboral, pediu rigor cando se fala dos efectos e anunciou que UGT vai dar a batalla ata o final, fixo un chamamento á patronal de novo a que negocie neste senso a ás forzas políticas para que lle dean o seu respaldo no Parlamento, o contrario sería darlle un "portazo" á xente. UGT quere un acordo de consenso, polo que sería bo contar con todos e todas.

Para pechar, tomou a palabra Cristóbal Medeiros que agradeceu a confianza dos delegados e delegadas do Congreso para levar adiante o plan de futuro da UGT en Galicia. Tamén tivo unhas palabras para Ángel Iglesias, que encabezaba a outra lista que se presentaba á Comisión Executiva de UGT-Galicia, ao que lle amosou a súa confianza de poder seguir traballando cóbado con cóbado polo futuro da Organización, por unha UGT máis forte.

Dirixiuse a José Antonio Gómez e agradeceulle todo o traballo feito nestes últimos anos e a súa axuda cando accedeu á Secretaría xeral de UGT-Ourense.

Avogou, como di o lema do Congreso por máis sindicato porque necesitamos máis participación, máis inclusión, máis involucración de todos sen distinción.

E mellor sindicato, que é a segunda parte do lema, temos que adaptar as nosas estruturas, optimizar recursos e traballar en equipo sempre ca mirada posta nos intereses de todos e todas. Cada voz conta por eso o noso sindicato debe ser cercano, accesible e áxil.

Insistiu en que non podemos dar ni un paso atrás. Cun sindicato máis forte, máis presente e mellor estruturado poderemos avanzar cara un futuro de benestar para todos e todas.

Explicou que o programa de acción que foi aprobado no 14º Congreso de UGT-Galicia marca unhas liñas de traballo onde se lle otorga un papel central á clase traballadora. Seguiremos apostando polo fortalecemento

do diálogo social. No noso país e en Galicia demostrouse como o diálogo social serviu para crear emprego de calidade e estable, mantendo a actividade económica e produtiva. Pero ten que ser un diálogo máis transversal, queremos falar tamén, entre outras cousas, de vivenda, de protección social, de atención aos nosos maiores para abordar problemas que hoxe apremian á sociedade galega.

Tamén apuntou que temos que investir máis nos servizos públicos para fortalecer o estado de benestar.

Hai que apostar por unha industria avanzada e estratéxica para Galicia, actualizar e reinventar o tradicional pero apostar tamén dun xeito decidido por sectores de alto valor engadido. Estamos preto dun cambio na industria e Galicia ten que aproveitar esa nova revolución para estar á cabeza, somos un territorio rico en moitas materias primas e enerxías verdes e temos que aproveitar. Galicia é unha comunidade privilexiada con recursos naturais que lle deberían permitir ser unha potencia enerxética en renovables sostibles medioambientalmente. Pero Galicia necesita seguridade xurídica para os proxectos, como no caso do sector eólico. Hai que aproveitar a oportunidade e integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da economía. Pero, ollo, isto non pode levarse a cabo a calquera prezo, as autorizacións eólicas deben garantir a integración social, o respecto medioambiental e o axeitado consenso coa veciñanza.

Hai que impulsar a industria de turismo sostible, hai que investir máis en I+D+i, hai que garantir a formación e capacitación profesional, impulsando a conectividade entre centros educativos e formativos coas empresas.

Potenciar o rural, converter este espazo nunha alternativa real provista das ferramentas necesarias para que as persoas, as familias, se poidan asentir neste contexto, poidan traballar nel e afrontar no rural e dende o rural o seu proxecto de vida e non como unha prolongación do urbano, senón como un espazo con entidade propia.

Evidentemente, o emprego tamén estará no centro do traballo deste sindicato. Hai que seguir insistindo en crear máis e mellor emprego e continuar avanzando na redución da



xomada laboral. Hai que apostar por unha lei de prevención deste século que aborde problemas máis actuais como poden ser os de saúde mental.

Hai que seguir reforzando as políticas de igualdade, traballar pola eliminación da violencia de xénero e acoso sexual. Urxe tamén garantir os dereitos das persoas migrantes.

Abordar o envellecemento da poboación debe ser outro dos grandes retos. Segundo os últimos datos que acaba de facer públicos o INE, mentres que no resto do Estado dáse un repunte de nacementos, Galicia non comparte esta tendencia, estudos apuntan a que no 2030 haberá en Galicia tres persoas de 65 ou máis anos por cada rapaz ou rapaza menor de 14 anos. Todo isto, á marxe de consideracións sociais, tamén terá un impacto certamente negativo na xeración de riqueza, no eido da innovación e do emprendemento.

Por outra banda, todos e todas estamos na obriga de traballar para garantir o acceso a unha vivenda digna que permita ás persoas construír un proxecto de vida propio porque non podemos esquecer que a vivenda é un dereito social.

Concluíu afirmando que o futuro está aí e non agarda por nós e en Galicia, nun contexto marcado pola globalización, a dixitalización e a sostibilidade que debemos autoesiximos, estamos obrigados a afrontar estes importantes retos aos que dende xa, e dun xeito ambicioso, hai que ir dando resposta procurando salvagardar e potenciar os valores que nos son propios, os valores diferenciais, e ser capaces de proxectalos cara o futuro. En definitiva, o noso futuro depende do que fagamos e estará moi condicionado pola capacidade que teñamos como colectivo para ir dando respostas a todos estes retos. Será moi importante nestes anos que Galicia consiga reter e atraer talento e xerar, ao mesmo tempo, unha contorna socioeconómica para que este se desenvolva e creza.

JOSÉ ANTONIO GÓMEZ DESPEDIUSE DA SECRETARÍA XERAL APOSTANDO POR CONTINUAR NA SENDA DO DIÁLOGO SOCIAL COMO FERRAMENTA PARA BUSCAR SOLUCIÓN XUSTAS AOS PROBLEMAS SOCIAIS, ECONÓMICOS E LABORAIS

Redacción. - O mércores pola mañá botou a andar en Santiago o 14º Congreso de UGT-Galicia que se pechou o xoves coa proclamación da nova Comisión Executiva e co acto de clausura.

Tras un vídeo inicial, a apertura do Congreso correu a cargo do secretario de Organización e Administración de UGT-Galicia, José Luís Fernández Celis, que na súa intervención fixo fincapé en que a representatividade que ten UGT lle permite estar nas mesas de diálogo social e noutras mesas de negociación para traballar por un reparto máis xusto da riqueza neste país, así como por unha sociedade máis xusta. Tamén valorou a unidade de acción como instrumento para acadar acordos destinados á mellora da sociedade, como se ten demostrado nestes últimos anos, reforma laboral, acordos de pensións, SMI... todos eles demostraron que coas políticas axeitadas sáese mellor de situacións de crise, como a vivida a causa da COVID.

Tras esta intervención, proxectouse un vídeo "in memoriam" no que se rendiu homenaxe aos compañeiros e compañeiras falecidos nestes últimos anos de mandato. Tras o cal gardouse un minuto de silencio.

Presentouse unha proposta de Mesa de Congreso, avalada, ao fronte da cal está Delia Irene Martínez, que pasou a presidir o 14º Congreso de UGT-Galicia, quen na súa intervención destacou a importancia democrática deste Congreso de tránsito, no que vai saír elixido un novo secretario xeral, xa que esta é a terceira vez, dende que UGT se constituíu en Galicia, no 1979, que se cambia a dirección do Sindicato. Avogou por seguir traballando, como se fixo ata o de agora, en materia de diálogo social, instrumento co cal nos últimos anos conseguíronse importantes fitos para a sociedade e quedou demostrado que onde hai sindicatos hai máis xustiza. A partir de aquí, hai que seguir avanzando para afrontar os retos que se aveciñan.

Neste acto de apertura houbo tamén espazo para varias intervencións de invitados institucionais e fraternais. Concretamente, o primeiro en tomar a palabra foi o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso; seguíronlle o secretario xeral de UGT-Asturias, Javier Fernández Lanero; a secretaria xeral do S.N. de CCOO de Galicia, Amelia Pérez; o presidente da Xunta, Alfonso Rueda; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; e o vicesecretario xeral de Área interna de UGT, Rafael Espartero.



Todos e todas coincidiron en destacar o papel xogado por José Antonio Gómez, que deixa a Secretaría xeral de UGT-Galicia, nestes últimos e complexos anos. O seu empeño en sacar adiante todos aqueles acordos en materia de diálogo social que serviron para traer máis dereitos para os traballadores e traballadoras e máis xustiza social e, sobre todo, destacaron a súa lealdade no traballo do día a día. Tamén existiu unanimidade en facer fincapé na importancia do diálogo social, da concertación, e en como esta ferramenta convertiuse no elemento máis útil nestes últimos anos para afrontar os retos que se aveciñaron tras a crise da COVID e outras emerxencias como a suba dos prezos a causa dos conflitos bélicos e como, grazas a isto, a nosa economía fíxose máis forte e a nosa sociedade é un pouco máis xusta, aínda que son moitos os desafíos que quedan por abordar.

Xa, para rematar o acto de apertura, tomou a palabra o secretario xeral saínte de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, quen subliñou que ao longo dos seus mandatos vivíronse momentos moi diferentes, unha suposta "bonanza", que despois demostrouse que non era tal, tras a cal viñeron a crise de 2008, a da COVID, crise dos prezos..., é dicir, tempos complexos. Pero esta sociedade saíu adiante e reforzada, grazas ás importantes tarefas realizadas no contexto do diálogo social, no que UGT traballou arreo. E UGT, como sindicato, nesta difícil conxuntura, tamén saíu adiante grazas ao traballo do conxunto da Organización.

Como se fixo nas intervencións que lle precederon, destacou a importancia e os logros do diálogo social, así como da unidade de acción, e apostou porque esta continúe sendo a liña de traballo do Sindicato nos vin-

deiros anos. Porque falar de diálogo social é falar de xustiza e de progreso.

Non obstante, advertiu que os ventos de cola non son propicios. O Occidente democrático atravesará unha etapa de incerteza e desafíos. O auxe da ultradereita, a implementación de réximes que camiñan cara a autocracia ou a plutocracia fai que a democracia se estea debilitando en occidente.

A vitoria electoral de Donald Trump en Estados Unidos, as medidas que vemos que esta tomando, debería ser un axente catalizador que debería esixir que o conxunto de Europa actúe, sen máis demoras, para reducir a distancia que cada día nos separa máis das primeiras economías do mundo.

Para iso, Europa necesita máis mercado único; integración fiscal, monetaria e bancaria; e acabar co dumping fiscal e ambiental.

Pero non se trata unicamente dunha debilidade económica. É unha fragilidade social a que ameaza a nosa cohesión e capacidade de adaptación aos cambios, insistiu. Afirmou que, ademais de reivindicar o enorme valor xeoestratéxico que ten o mercado único, a obriga de Europa, de España, e de Galicia é adaptarse ás realidades do século XXI.

Os parámetros do século XX xa non nos serven, porque apareceron, de forma rotunda e ineludible, factores como o crecemento das economías en Asia, o envellecemento da nosa poboación ou os conflitos armados en máis de cincuenta lugares do planeta, entre eles Ucraína e Oriente Próximo.

Considera que estamos obrigados a investir máis en innovación e na procura de no-

vos motores de crecemento, porque, de non facelo, o risco será unha maior deterioración e a conformación de novas fragilidades. E se isto non se fai, non será posible afrontar eses desafíos titánicos que son a economía dixital e o cambio climático, que desgraciadamente algúns seguen pondo en dúbida.

É absolutamente necesario profundar nunha estratexia económica e social onde estean compasadas as políticas industriais e comerciais, as políticas de estímulo e iniciativas á innovación e a economía dixital, que son os campos que nos devolverán a competitividade, nun ambiente de crecemento do investimento.

Pero tomarse en serio a competitividade significa tamén tomarse en serio a creación de postos de traballo de calidade en todos os sectores, a mellora das condicións laborais, o reforzo do diálogo social e a negociación colectiva e a democracia no traballo. O fomento da competitividade non debe basearse na contención salarial para reducir os custos.

É necesario avogar definitivamente por unha política industrial ambiciosa con investimentos significativos, que apoie os bens comúns e a innovación e ofrezca empregos de calidade e progreso social, sobre a base de servizos públicos sólidos, protección social, vivenda, transporte e atención á infancia e aos nosos maiores.

Desgraciadamente, na nosa contorna en vez de falar disto, de medidas inaprazables para fortalecer a nosa economía e dereitos, vese máis polarización política, desinformación e desconfianza nas Administracións.

Instaurouse un ambiente de malestar cara as institucións públicas, agravado por unha perda de valores esenciais como a solidariedade, que parecen perder relevancia nunha cidadanía cada vez máis envorcadada no individualismo e o consumo inmediato.

Moito disto ten que ver con que desde determinados ámbitos do poder déronlle as costas ás realidades aínda punzantes, como son a pobreza extrema, o acceso á vivenda, a precariedade, as desigualdades e inxustizas, especialmente naqueles casos onde a xestión dos asuntos públicos ten consecuencias directas nas vidas das persoas, tal como foi ratificado, do modo máis doloroso, na traxedia da dana que arrasou o Levante español.

Vemos, oímos e lemos sobre posicións radicais en contra da política e dos partidos, o que leva á perda da institucionalidade; e a falta de respecto e recoñecemento das institucións democráticas leva á perda de estruturas políticas e sociais sólidas. Algo que o fascismo, como xa fixo noutras épocas da nosa historia recente, utiliza e fomenta soezmente para lograr os seus obxectivos. Como



fan coa emigración.

Hoxe tamén, máis que nunca, temos que subliñar o papel que a política debe cumprir no fortalecemento de vida democrática e das funcións públicas.

É imperativo abordar as verdadeiras ameazas do cambio climático, avaliar os límites da polarización e, como suxiren os expertos, reflexionar sobre como percibimos as emerxencias, non só como cidadáns, senón especialmente quenese desexan e implementan accións públicas.

Para iso, necesitamos reforzar os nosos servizos públicos e promover a participación cidadá.

É preciso impulsar unha educación de calidade que fomente o pensamento crítico e a creatividade. É fundamental preservar a solidez da escola como institución, así como asegurar o traspaso de coñecemento entre mozos e maiores, e educar, axudar aos mozos para que poidan desen-

volver un proxecto de vida digno e pleno. Só así poderemos construír un futuro próspero e sustentable para as nosas sociedades, no que a innovación, o talento e os valores humanos sexan os alicerces do noso progreso, como sempre defendemos desde a UGT.

A UGT, como organización de referencia para a sociedade española e galega, con niveis de afiliación e representación moi importantes, reivindicamos, máis que nunca, o papel das administracións públicas, fronte ao poder absoluto dos mercados, pois, sen Estado, non hai redistribución das rendas, non hai igualdade de oportunidades, nin posibilidade dun crecemento harmónico e un desenvolvemento sustentable.

Para rematar, lembrou a figura do fundador da UGT, Pablo Iglesias, e animou ao Sindicato a que nesta nova etapa siga traballando baixo os seus principios, solidariedade, igualdade, internacionalismo, pluralidade, democracia e xustiza social.

O Congreso aproba, cun respaldo do 100%, a xestión da Comisión Executiva saínte



A Luís Tilve tamén estivo no 14º Congreso cunha exposición sobre o movemento obreiro en Galicia



UGT alerta sobre os riscos do Pacto Industrial Limpo da UE e esixe medidas urxentes para unha transición xusta

Redacción. A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) advirte dos riscos do Pacto Industrial Limpo da UE, que mobilizará 100.000 millóns de euros para fortalecer a industria europea e avanzar na descarbonización. Aínda que o sindicato valora o esforzo investidor, UGT esixe que a transición ecolóxica non se faga á conta do emprego nin dos dereitos laborais. Do mesmo xeito, o sindicato alerta de que a simplificación administrativa proposta pode derivar nunha desregulación prexudicial para as e os traballadores.

É ESENCIAL AXUSTAR O PREZO DA VIVENDA AOS INGRESOS REAIS DA POBOACIÓN TRABALLADORA

UGT considera necesario seguir elevando os salarios, especialmente os das persoas traballadoras con rendas medias e baixas

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de febreiro, publicados polo INE, sitúan a inflación anual nun 3%, unha décima máis respecto a xaneiro e o valor máis alto desde o pasado mes de xuño. Este repunte débese ao incremento do prezo da electricidade, fronte ao abaratamento rexistrado hai un ano. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, diminúe tres décimas respecto ao mes anterior, cunha variación anual do 2,1%, o nivel máis baixo desde decembro de 2021.

Así, a taxa anual crece por quinto mes consecutivo e afástase do obxectivo do 2% fixado polo Banco Central Europeo, aínda que se debe a factores volátiles como o prezo dos produtos enerxéticos. Con todo, trátase dunha tendencia preocupante que pode agravarse dado o incerto panorama internacional, en tanto a política arancelaria imposta por Trump terá, previsiblemente, un impacto negativo sobre o crecemento mundial e o control da inflación. Neste sentido, cada vez é máis imprescindible a configuración dunha resposta coordinada por parte da UE, baseada nunha maior autonomía estratéxica e o reforzamento do mercado interior.



Con todo, o tecido empresarial español ten sobrada capacidade para manter unha senda de moderación dos prezos. Neste sentido, os datos do Observatorio de Marxes mostran como estes volveron rexistrar un máximo histórico por cuarto ano consecutivo, alcanzando en 2024 unha cociende do 13,1%, 3 décimas máis que en 2023 e ata 2,1 puntos por encima de 2019, antes do estalido da pandemia.

O crecemento das marxes é especialmente intenso nalgúns ramos, como é o caso das 'Actividades inmobiliarias' que, cunha cociende do 33,3% -a maior de toda a estatística- supera en 20,2 puntos a media nacional. Isto pon de relevo como a vivenda se ha consolidado

como un negocio especulativo cuxa evolución difire da seguida pola economía real e os fogares, opoñéndose así ao interese xeral da sociedade.

Por iso, é esencial axustar o prezo da vivenda, tanto en propiedade como en alugueiro, aos ingresos reais da poboación traballadora, tomando medidas que blinden a función social da mesma e graven a actividade especulativa. Ademais, é necesario seguir elevando os salarios, especialmente os das persoas traballadoras con rendas medias e baixas, o que esixe continuar dignificando anualmente o salario mínimo e impulsar acordos na negociación colectiva coherentes coa boa marcha da economía xeral e dos beneficios empresariais.

UGT-XUSTIZA DENUNCIA QUE O XULGADO DE SANTIAGO QUE LEVOU A CAUSA DO TREN ALVIA ATÓPASE Á BEIRA DO COLAPSO E A DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA NÉGASE A REFORZAR O SEU CADRO DE PERSOAL

Redacción.- UGT-Xustiza denuncia que a insuficiente dotación de recursos por parte da Xunta de Galicia e a imprevisión do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza propiciaron que o Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago de Compostela sufra un atraso descomunal.

Cando a maxistrada titular de dito órgano tivo que facerse cargo do axuizamento do procedemento do tren Alvia, o resto das causas do xulgado foron atendidas de forma separada e sucesiva por dúas xuízas de apoio territorial e por tres

xuíces substitutos, sen que ningún deles permanecese o suficiente tempo no órgano xudicial para dar continuidade ao seu traballo.

Á temporalidade das xuízas e xuíces sumáronse a baixa por enfermidade da letrada titular do órgano, que tamén foi substituída sen solución de continuidade, e a saída do xulgado da totalidade do seu cadro de persoal por distintos motivos.

Por outra banda, a folga de letrados e letradas da Administración de xustiza e a de avogados e avogadas da

quenda de oficio provocaron innumerables suspensións de xuízos que incrementaron de forma considerable o atraso.

A día de hoxe, a sobrecarga de traballo do Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago é de dimensións colosais e a Dirección Xeral de Xustiza estase a negar a reforzar o cadro de persoal, a pesar das continuas solicitudes que se fixeron desde UGT-Xustiza e desde o propio Xulgado. O Sindicato advirte que, se non se toman pronto as medidas adecuadas, o xulgado colapsará.

UGT CELEBRA A APROBACIÓN DO USO DAS LINGUAS COOFICIAIS NAS SECCIONS DO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO

O sindicato considera que esta medida, promovida polos conselleiros do Workers' Group procedentes do sindicato, sitúa os nosos dereitos lingüísticos e constitucionais nas institucións europeas

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebra a decisión do Comité Económico e Social Europeo (CESE) de estender o uso das linguas cooficiais españolas ás intervencións dos seus membros nas sesións plenarias.

Esta medida foi promovida polos conselleiros do Workers' Group procedentes de UGT e, a xuízo do sindicato, sitúa

os nosos dereitos lingüísticos e constitucionais nas institucións europeas.

A partir de agora, os representantes de Cataluña, Galicia e o País Vasco que interveñan nas devanditas sesións poderán expresarse en catalán, galego e eúscaro.

UGT considera que esta medida non só contribúe a reforzar o papel do CESE

como garante da diversidade cultural e lingüística europea, senón tamén a potenciar a inclusión efectiva de todos os sectores da sociedade civil nos procesos de toma de decisións.

Así mesmo, o sindicato lembra que a promoción das linguas cooficiais españolas é un reflexo do compromiso sindical coa defensa dos dereitos fundamentais e a igualdade.

UGT CELEBRA A RENOVACIÓN DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Redacción.- UGT celebra a renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que introduce novos avances na loita contra a violencia contra as mulleres.

Con este novo Pacto refórzanse as ferramentas na protección das vítimas e os recursos para avanzar na erradicación dunha das peores e máis lamentables secuelas que sofre a nosa sociedade: a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

O sindicato eloxia, pola transcendencia que ten, que a renovación do Pacto aprobouse co acordo dos partidos de distinta ideoloxía, e máis nun contexto político tan polarizado como o actual e de extrema dificultade para alcanzar consensos.

Fronte ao negacionismo reaccionario, que pretende invisibilizar esta intolerable, evidente e terrible realidade, a renovación do Pacto pon de manifesto o firme e irrenunciable compromiso da sociedade española no seu conxunto e de practicamente a totalidade das forzas políticas do noso país para erradicar esta violencia.

En España, as políticas feministas e de loita contra a violencia contra as mulleres seguen sendo, a pesar da fisura do discurso negacionista, un referente internacional de vangarda para outros países democráticos que tamén loitan por combater a violencia machista.

UGT traballou de xeito conxunto coas institucións facendo achegas neste renovado Pacto de Estado. Estamos convenci-

dos e convencidas de que a súa adecuada aplicación e posta en marcha supoñerá un importante avance na eliminación desta secuela.

As novas medidas do Pacto inclúen, entre outras novidades, a tipificación como delito da violencia económica, a violencia dixital, ou o reforzo da protección de nenas e nenos vítimas da violencia vicaria, así como a mellora do trato ás vítimas e da especialización da xustiza.

As violencias contra as mulleres constitúen unha das maiores vulneracións de dereitos humanos e o atropelo de dereitos fundamentais recollidos na nosa Constitución, ademais de ser unha expresión extrema da desigualdade de xénero que é incompatible cunha sociedade democrática.